

Conceptual e evocativo

Atraente, provocativo,
interesante

HÉCTOR MERA

Luís Valle é autor cunha traxectoria xa importante no seu haber. Ese percorrido literario vese continuado con este seu último libro, *Alianza*, que, en boa medida, non desmerece, mesmo melloira, todo o que nos leva achegado nas dúas últimas décadas.

Este poemario, daquela, se nos poñemos nun posicionamento de clasificación estrito ou incluso simplón, é un poemario de amor. Agora ben, un amor visto dende moitas ópticas. Tal é así que a lectura destes poemas envolve arredor da súa interpretación e recoñecemento dunha enunciación poética repleta de sabedoría. Eis, un texto que se mergulla na vida. Na vida de nós, dos que vivimos o amor con intensidade e que ao tempo somos conscientes das fases, momentos e vivencias que arredor del experimentamos.

Por moi entregado que sexa o eu lírico valorámoslle ese equilibrio entre o lirismo, o romanticismo vivencial xunto ao realismo das diferentes concepcións e situación que se poden dar. Ese realismo fai que o romanticismo non tome en bobalición, inverosímil. Espreme as posibilidades da luz, intensísima imaxe para o tal sentimento, sen esquecer as sombras que tamén se poden dar ou os ocos e baleiros que tamén poden estar presentes nunha relación así. É o equilibrio no que se implica a poesía de Valle. E debemos salientar que tamén hai un posicionamento ético –fixense se non é poliédrica a proposta– que ennobrece cada verso do libro. O máis honroso da relación sentimental

sen adoutramentos nin excesos. A relación dos namorados que gozan un do outro revitalizando e enriquecendo ao tempo un individualismo cheo de riqueza. Aquí non hai dependencias absurdas, hai xenerosidade e honestidade.

O equilibrio ao que nos referíamos no conceptual e evocativo, vén acompañado dun saber facer formal que o integra todo. Non deixaremos de chamar a atención sobre as cuestión puramente formais dos poemarios por considerar que son fundamentais para que o proxecto sexa completo. Luís Valle sabe dar na tecla da confluencia entre a poética sentimental e filosófica e o continente estrófico. A lectura desta proposta é atraente, interesante, provocativa e garante dunha reflexión íntima a medida que se vai avanzando á fronte das súas páxinas. Recomendación para os lectores clara. Sen dúbida.

VALLE, Luís, *Alianza*, Barbantesa, Cangas, 2022, PVP 11,40€

